


VALORACIÓN DA SATISFACCIÓN DAS USUARIAS E USUARIOS

Curso 2017/2018

R6 MC-05 P1



Breve valoración sobre as melloras nos resultados procedentes das enquisas de satisfacción do alumnado do grao en Xeografía e Historia (curso 2017/2018).

Antes de entrar propiamente na valoración é preciso aclarar que os datos expostos se derivan da comparación dos resultados correspondentes aos cursos 2016/2017 e 2017/2018. Para elo foi preciso realizar unha análise previa que identificara as cuestións formuladas en ambos, xa que o cuestionario a respostar polo alumnado variou o curso pasado en relación cos precedentes. Nesta equivalencia, das 23 cuestións para o pasado curso só hai 13 que se formulan en termos semellantes na enquisa do 2017/2018 que veuse reducida a 18 preguntas, mais outras 3 de carácter aberto. Polo tanto 5 respostas non puideron ser obxecto dunha análise comparativa.

Nesta pequena reflexión destacamos tres aspectos nos que se aprecia unha mellora na valoración coincidente entre o alumnado de ambos planos de estudo vixentes, que derivan das melloras realizadas no título suxeridas nestas enquisas e nas cales o centro ten capacidade de actuación. Os dous primeiros están relacionados, un insíbese na Organización e Desenvolvemento da ensinanza, en concreto na organización temporal das materias do plano de estudos; e o segundo relaciónase cos Resultados: habilidades, destrezas/ competencias adquiridas. O terceiro refírese ao Sistema de Calidade, en concreto ás canles da participación na mellora da titulación.

Somos conscientes que quedan aínda melloras que implementar, algunhas exceden a capacidade de actuación directa do centro, neste caso se seguirá solicitándoas ás instancias pertinentes. Nos outros casos continuaremos na liña de melloras, para elo a opinión dos sectores implicados na dinámica do centro resulta imprescindible, polo que solicitamos a participación de todos eles nas enquisas que a universidade e o centro dispoñen para coñecer o grao de satisfacción da comunidade que conforma a Facultade de Historia